

A INTERVENCIÓN DE FERNANDO I DE PORTUGAL EN GALICIA: UNHA ALTERACIÓN MOMENTÁNEA DA FRONTEIRA

por Anselmo López Carreira *

O contexto da intervención

Desde o nacemento de facto do Reino de Portugal en 1121 a súa delimitación co de Galicia (de onde se segregaba) ficou praticamente fixada sen apenas lugar a dúbidas, de maneira que pasados uns primeiros intentos de rectificacións, a raia nunca máis viu alterado o seu trazado de forma significativa (salvo os mínimos axustes efectuados a mediados do XIX¹ e as diferencias pendentes sobre algunha minúscula illa do Miño). Era lóxico que así fose, pois os límites entre Galicia e o condado portucalense viñan xa marcados polas xurisdiccionés das antigas dióceses de Tui, Ourense e Braga, indiscutibelmente radicadas as dúas primeiras en Galicia e a última no nacente Portugal. Precisamente por isto, presentáronse certas dificultades nos territorios situados ao sur do Miño pero pertencentes á diocese tudense e naqueles ao sur do Limia polos que antano se extendera a bracarense, zonas ambas sobre as que ocasionalmente durante algún tempo mantiveron pretensiós os monarcas portugueses.

Cando en 1230 o Reino de Galicia (con León) se integrrou na que denominamos Coroa de Castela, esa tradicional fronteira pasou a sinalar o límite entre este novo espacio político e o Reino de Portugal, chegando -como se dixo- ata os nosos días.

* UNED.

¹ L.M. GARCÍA MAÑÁ, *La frontera hispano-lusa en la provincia de Ourense*, Ourense, 1988.

Sen embargo no século XIV producíronse intensos movementos políticos entre Galicia e Portugal, afectando primordialmente aos sectores nobiliarios, dos que a mítica figura de Inés de Castro, a mediados da centuria, constitúe un paradigma.

Tais avatares serán especialmente intensos no decurso da sublevación trastamarista contra Pedro I (de Castela, León e Galicia), e en particular nos momentos inmediatos ao seu asasinato, acaecido en marzo de 1369. En efecto, a causa do rei contaba cun forte apoio en Galicia, tanto por parte das máis importantes liñaxes nobiliarias como dos concellos urbanos. En contrapartida, a oposición a Pedro redicaba no clero episcopal e nas capas menores da nobreza.

Complexos intereses explican estes posicionamentos. A competencia entre a nobreza e o clero era xa algo vello, e as grandes casas galegas viáñense perxudicadas polo poder omnímodo do alto clero, que apenas deixaba resquicio para o seu señorío. A nobreza de segunda fila, en cambio, aspiraba a ascender a costa dos maiores, áinda que fose -de momento- á beira dos prelados. Estes dous grupos depositaron as súas esperanzas en Enrique de Trastámarra. Pero son quizais os concellos os que nos ofrecen a panorámica máis interesante: a orientación política seguida por Pedro I, tendente ao reforzamento do poder monárquico e favorábel, polo tanto, á condición de reguengo das cidades para contrapesar ao señorío, mobilizou a estas decididamente ao seu favor.

Así se explica a calorosa acollida dispensada a Fernando I de Portugal en Galicia -sobre todo nas cidades- cando, inmediatamente tras a morte de Pedro I de Castela, recolleu a bandeira lexitimista, amparándose nos dereitos dinásticos que lle brindaba o feito de ser bisneto de Sancho IV de Castela. •

As fontes

Acerca deste episodio (da evolución da campaña e das repercusións internas producidas en Galicia) contamos con informacións francamente escassas e de natureza moi diversa.

Compre citar en primeiro lugar as crónicas, pois son elas as que fornecen a maior riqueza de datos e o relato secuencial dos acontecementos e aspectos destacados. Atopamos noticias en catro: a *Crónica Xeral de España* (orixinalmente redactada en castelán, pero da que xa daquela se fixo versión ao galego-portugués), o *Chronicón Conimbrigense*, a portuguesa de Fernão Lopes e a castelá de Pedro López de Ayala. Fernão Lopes dedica un libro enteiro a Fernando I, pero escribe algunas décadas despois dos feitos, en tanto que López

de Ayala foi estrictamente contemporáneo a eles. De elas extráese un retrato colorista do monarca portugués: díños un dos textos que "este Rey era homem muy fermozo e grande casador e monteiro"², e outro describeo como "amador de mulheres e achegador a elas"³. Non semellan atributos en absoluto criticabeis, mais sen embargo Oliveira Martins desmesurounos ata darlle unha apariencia negativa, asegurando que Fernando I "era doido por mulheres (...), dava tudo pela caça (...) uma infeliz criatura, mal equilibrada nas suas qualidades e defeitos (...) no fundo, um pobre homem de talento"⁴... concedialle este último mérito, sobexadamente merecido, como logo comprobaremos.

É posíbel que os fondos da Chancelaria de don Fernando custodiados no Arquivo Nacional da Torre do Tombo conteñan datos de valor acerca deste tema, mais de momento non nos son coñecidos.

Así mesmo revestiría o máximo interese a documentación coetánea galega que recollese -sen os filtros propios das Crónicas- esos mesmos acontecementos e as disposicións de goberno enfocadas desde a perspectiva galega. Infelizmente estas fontes documentais son escasísimas; alcanzan tan só a confirmar a certeza da expedición e algo do seu itinerario, e a deixar entrever o seu trasfondo social e a extensión acadada.

Trátase dun documento solto existente no Arquivo da Catedral de Tui (ACT), recollendo a concesión de mercedes ó bispo; algúm outro do Arquivo da Catedral de Ourense (ACO), dando fe de violencias; e un par de notas incluídas no *Tombo C* do Arquivo da Catedral de Santiago (ACS) -citados xa por A. López Ferreiro-, referentes a disposicións de Enrique de Trastámara en favor do arcebispo e narrando un deles con suma plasticidade a insurrección compostelá contra a xurisdicción arcebispal, no que traslucen interesantísimas revelacións acerca da mobilización burguesa.

O itinerario de Fernando I por Galicia

Fernando I ponse en marcha no mes de xuño de 1369, é dicir, nada máis morrer Pedro I (de Castela). Respondía así a demandas formuladas desde Galicia polos moitos partidarios da causa lexitimista, asegurándolle "que levamtariam voz por elle (...) e que lhe

² "Crónica Geral de Espanha em português", *Crónica de Cinco Reis de Portugal* (ed. A. de MAGALHÃES BASTO), Porto, 1945 (p. 321).

³ FERNÃO LOPES, *Crónica do señor Dom Fernando, nono rei destes regnos*, Porto, 1966 (p. 3).

⁴ J.P. DE OLIVEIRA MARTINS, *História de Portugal*, Lisboa, 1983 (pp. 129-131).

*dariam as villas e o receberiam por senhor, fazémdolhe dellas menagem*⁵. De feito viña xa acompañado desde Portugal por destacados membros da nobreza galega, entre eles Fernando de Castro (conde de Trastámar, a máis relevante figura na Galicia petrista), o cabaleiro Álvaro Pérez de Castro (señor de Salvaterra, vila de grande valor estratéxico, na beira do Miño) e Nuno Freire de Andrade (mestre da portuguesa Orde de Christus).

As Crónicas trazan o percorrido, que seguiu dous camiños paralelos, un por mar, pasando por Baiona e quizais por Pontevedra para rematar na Coruña, e o outro por terra, tocando Tui, Salvaterra, Baiona, Redondela, Ribadavia, Ourense, Allariz, Lugo, Padrón, Santiago e A Coruña.

De momento non houbo lugar a combates, a xulgar polo que as fontes nos contan: nada máis traspasar a fronteira "*chegou el Rey a Tui, foi hi mui bem recebido*"⁶, e debeu continuar triunfalmente, pois polo visto "*os logares se lhe derom de seu grado*"⁷. Tanto é así que semellaba estar algo sorprendido; cando se aproximou á Coruña "*os da villa o saírom todos a receber*" en multitud, crendo el que se trataba dun ataque, ata que o tenente da cidade, Xoán Fernández de Andeiro, se lle deu a coñecer e o posesionou pacífica e amistosamente da praza. Andeiro, por certo, era o representante paradigmático dese sector aristocrático adherido á opción atlantista de Galicia, coa ollada posta en Portugal e Inglaterra, e estaba chamado a desempeñar un papel protagonista na articulación da alianza anglo-luso-galega que culminaría en 1386 co desembarco do duque de Lánxaster en Galicia.

As disposicións de Fernando I en Galicia

Pese ao éxito inicial, a presencia do monarca portugués en Galicia foi certamente efémera, pois Enrique de Trastámar (asistido polas Compañías Brancas de Bertrand Duguesclin) reaccionou con presteza e penetrou por este reino, en contraofensiva que aquel nin tan sequera ousou enfrentar. A finais de 1369 retornaba a Portugal, se ben as cidades de Tui e A Coruña permaneceronle áinda fieis por espacío dalguns anos.

En consecuencia as medidas de governo de Fernando I relativas a Galicia (aliás transmitidas polas fontes de forma moi escueta) apenas puideron pasar da mera formulación, o que non impide verificar o seu alcance, do que se deduce a intención de

⁵ FERNÃO LOPES, op. cit., 75.

⁶ Ibid., 86.

⁷ Ibid., 85-86.

ultrapasar a intervención convencional, con vistas a estreitar de forma duradeira os lazos entre ambos reinos. De feito a mesma Crónica de Fernão Lopes reconhece explicitamente cando afirma que emprendeu a restauración das murallas de Tui, Baiona e outros lugares (obras certamente considerabeis) porque tiña intención de "*possuir longamente*" ditas prazas⁸.

Moito maior interese revisten as iniciativas económicas e políticas. Entre as primeiras destaca a liberalización do tráfico comercial entre Portugal e Galicia, de forma que "*todallas cousas deffezas dhuun reino ao outro corriam estompe pera estes logares, segundo a cada huum prazia de levar*"⁹. Con isto non facía outra cousa que recoñecer a tradicional permeabilidade da fronteira galega, pese ás leis en contra promulgadas ata ese momento (e no futuro) tanto por parte portuguesa como castelá, transgredidas pola práctica dunhas estreitas relacións de veciñanza¹⁰.

Por outra parte o decurso da guerra orixinou carencias en varias poboacións, en particular na Coruña, polo que se organizou o abastecemento de cereal e viño por via marítima, mandando "*carregar em Lixboa navios de trigo e cevada e vinhos, que levassem todo a aquelle logar para seer basteçido*"¹¹.

Igualmente prudentes e previsoras son as disposicións en materia monetaria, encamiñadas por unha parte a estender por Galicia a súa moeda -para o que "*mandou fazer moeda de seus sinais douro e prata, assi (...) na Crunha e em Tuy*"¹²- e pola outra a afrontar a inflación, para que "*as cousas tornassem a seus razoados preços*", mediante unha devaluación ("*assi corregeo as outras moedas (...) de Tuy e da Crunha*"¹³).

No aspecto político as concisas informacions ao noso alcance deixan entrever, non só as recompensas concedidas aos seus parciais a costa dos bens dos adversarios, senón tamén unha liña favorábel - como era de esperar- ás cidades e aos leigos en detrimento do clero, quen por outra parte adoptara notoriamente o partido trastamarista desde o mesmo inicio do conflicto. Asegura Fernão Lopes que moitos "*pediamlhe os beens dos que se hiam para el Rei Dom Henrique*", pero ademais o rei concedía "*gramdes privilegios aa cidade*

⁸ Ibid.. 87.

⁹ Ibid., 82.

¹⁰ H. BAQUERO MORENO, "Relações entre Portugal e a Galiza nos séculos XIV e XV", *Revista da Faculdade de Letras*, Porto, 1990 (p. 38).

¹¹ FERNÃO LOPES, op. cit., 87.

¹² Ibid., 81.

¹³ Ibid., 149-150.

*d'Ourense e de Santiago e dos outros logares (...) damdo grandes offícios (...) dava os beens das igrejas e moesteiros (...) aas pessoas leigas*¹⁴. Mágoa que non especifique o contido dos tais privilexios, probabelmente na liña de aseguraralles a autonomía xurisdiccional frente ao señorío episcopal.

Repercusión nas cidades galegas

A cita anterior confirma a preocupación de Fernando I polos seus aliados urbanos de Galicia e permite deducir as reformas político-administrativas pertinentes, sobre todo se a ubicamos na longa duración da loita cidadá a prol do reguengo; mais en puridade é moi pouco o que dí. A documentación notarial galega permite completar e ampliar o panorama, aínda que sexa dunha forma impresionista.

O posterior asalto e destruccións sufridos por Ourense (do que se lamentan os documentos), con motivo da ofensiva tratamarista, dan fe da adhesión desta cidade a Fernando I; pero nada máis podemos engadir.

Máis explícita (pero igualmente breve) é a noticia que nos chega de Tui: o 4 de setembro de 1371, nas Cortes celebradas en Toro, Enrique II resarcía ao bispo Xoán polos perxuízos padecidos, *"por vos fazer emienda de todo el daño e mal que vos, el dicho obispo et la vuestra iglesia de Tuy avedes pasado por nuestro servicio (...) de otras compañías que andaban en nuestro deservicio teniendo voz del Rey de Portogal"*¹⁵. Os que tiñan a voz do rei de Portugal en Tui debían ser moitos, a xulgar polo tempo que a cidade permaneceu baixo a sua xurisdicción; con toda probabilidade o Concello completo, que lle arrebataría ao prelado o señorío, pero o documento cita en concreto ao nobre Sueiro Iáñez de Parada, polo que agora Enrique II dóalle ao bispo *as "villas e cotos e bienes sobre dichos que fueron del dicho Suer Yanes"*.

Sen embargo a información máis rica e a narración máis viva procede de Santiago, dunha acta capitular datada o 1 de abril de 1371. Ese día, "seendo enno thesouro de Santiago o deam (...) et o chantre (...) cardeas de Santiago (...) coengos de Santiago et (...) raçoeiros da dita iglesia, para dizeren e rezaren as oras enno dito thesouro, por quanto estava a dita iglesia et cidade interdita por quanto os do Concello da dita cidade se alçaran con el rey de Portugal et con dom

¹⁴ Ibid., 81-82.

¹⁵ ACT, *Pergamiños*, 2/17.

Fernando de Castro et benyron dende ao arcebisco dom Rodrigo e sele alçaran con o señorío da dita cidade, enton chegaron a estes homes boos ao dito thesouro (...) alcaldes que se chamavan da dita cidade (...), procuradores que se dizian da dita cidade, (...) et outros muytos do dito Concello et diseron aos ditos dean et homes boos que fosen cantar mysas et dizer oras alçadas a portas abertas, senon que eles que las farian dizer aynda que non quisesen et os ditos dean e personas e coengos responderon que non podian dizer as ditas oras por quanto encorreyan ennas penas contiudas en dereyto e que se temian de os privaren das coongias et dos benefícios que tiinan et os sobre ditos do Concello a voz de Concello sarraron logo por de fora as portas do dito thesouro dizendo que nunca daly salrian, ou fosen logo cantar as ditas oras e misas, de mays lançaron lameas travesas grandes de ferro enna porta do dito thesouro con clavos que pasaran da outra parte en tal maneyra que os ensarraron enno dito thesouro et en todo o qual dia non les leixaron dar nen aver pan nen vino nen outra vianda nihuna. Et demays foron buscar todoslos outros coengos e personas que eran enna villa a suas casas (...) et trouxeronos por força e contra suas voontades et ensararonos con os outros enno dito thesouro et mandaron dar pregón por toda a villa que nihuun non fose ousado de les dar pan nen vino nen outra cousa nihuna. Demays poseron guardas aas portas do dito thesouro et enna claustra nova que os guardasen que non podesen daly sayr. Et esteveron aly por espacio de nove dias et alguuns seus parentes et criados ascondidamente les davan vyno et vianda por que se manteveron. Et os vellos e fraqos que non podian sayr ouveron de fazer dentro enno dito thesouro aquelo que he nesçesario et se non pode escusar¹⁶.

Así pois naquela altura a cidade estaba en franca rebelión contra o señorío arcebispal. O movemento urbano aparece incuestiobelmente unido á intervención de Fernando I, cuxa dimensión interna maniféstase aquí con toda claridade: o monarca portugués conta co apoio do seu constante valedor, Fernando de Castro -antigo Adiantado en Galicia de Pedro I-, pero sintoniza igualmente coas arelas emancipadoras do Concello, principal protagonista do erguemento compostelán contra o arcebiso Rodrigo, naturalmente trastamarista. Precisamente desde o comezo mesmo desta fase portuguesa do conflicto Enrique II (que acudira en persoa a Santiago no verán de 1369, en canto Fernando I traspasou a fronteira) apresurárase a reconecerlle o señorío¹⁷, excitando ainda mais os ánimos dos composteláns. Pouco

¹⁶ ACS. Tombo C-2, 341.

¹⁷ Ibid., 336v.

despois, en novembro, concedialle o título de Notario Maior do Reino de León¹⁸, quizais para compensalo de agravios tamén a el.

O remate da intervención portuguesa

Apenas houbo tempo material para poñer en práctica as disposicións reais respecto a Galicia, e sorprende a mesma enumeración que fan as crónicas, máxime considerando o ambiente bélico que presidiu todo o período. Como fica sinalado, a reacción de Enrique de Trastámarra foi moi rápida; partindo de Zamora, *"foi pera Galliza com todas suas gentes, com emtemçom de pelleiar com el Rey Dom Fernando"*¹⁹, levando con el a "todollos Bertoões" do mercenario Bertrand Duguesclin.

Entrou pola comarca de Monterrei e dirixiuse inicialmente cara ao norte. Debeu ser entón cando se produciu o asalto de Ourense, coa secuela de estragos: en 1373 os cóengos desta cidade queixábanse da perda dos seus documentos de privilexios *"in istes guerris, captionibus, depredacionibus, combustionibus et rapinis"*²⁰, e ainda bastante despois, en 1380, lembraba un veciño os *"destruyementos e roubos que se fezeron en esta vila quando foi entrada por força et as ditas casas et outras moytas (...) foron derribadas e derrocadas e astragadas"*²¹.

As datas resultan moi xustas, pero o certo é que o citado documento de confirmación do señorío arcebispal sobre Santiago asegura que Enrique II estaba alí o 23 de xullo de 1369. De feito debeu sorprender a Fernando I, pois este *"estava dessegurado"* e preferiu non presentar batalla, optando pola retirada a Portugal; marchou rumbo a Porto desde a Coruña, onde deixou guarnición ás ordes do mestre de Christus, Nuno Freire de Andrade.

Enrique encamiñouse entón directamente a Portugal, coa intención de forzar unha negociación favorábel; despois de pasar por Tui tomou Braga e puxo cerco a Guimarães, en marzo de 1370²². Da acción sobre Braga fala o documento tudense en favor do bispo Xoán (setembro de 1371), cando especifica que algúns dos lugares concedidos (o couto de Coia e as vilas da Guarda e de Redondela) xa lle foran outorgados *"enel Real de sobre Bragaa"*.

¹⁸ Ibid., 336.

¹⁹ FERNÀO LOPES, op. cit., 89-90.

²⁰ ACO, Escr. XIV, 73.

²¹ ACO, Escr. XIII, 21.

²² Cronicón Conimbrigense (cit. B. VICETTO, *História de Galicia*, Cap. VII, IV.

En marzo de 1371 asinouse a paz de Alcoutim; Fernando I non voltou a Galicia, pero a cuestión estaba lonxe de ficar resolta. A Coruña sostiña ininterrompidamente a sua causa, coa presencia de tropas portuguesas, e Tui, Santiago e Lugo acollérona de novo contando coa axuda de Fernando de Castro; precisamente foi na primavera de 1371, como se viu no seu momento, cando se reavivou, quizais con máis forza que antes, o erguemento de Compostela. Tan só a derrota militar de Fernando de Castro ante os Adiantados de Enrique II, acontecida no Porto de Bois (perto de Melide) ese mesmo ano, inclinou definitivamente a balanza a favor deste monarca. Fernando de Castro retirouse, tamén el, a Portugal, e en Galicia só Tui e A Coruña mantiveron resistencia. Tui houbo de ser tomada pola forza en 1372 e A Coruña pasou ao seu poder cando se asinou, en marzo de 1373, a paz de Santarem, punto final da intervención de Fernando I de Portugal en Galicia.

